

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 5 DE XUÑO DE 2019

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día cinco de xuño deste ano, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa en funcións, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras en funcións: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, D.^a ROSANA RIELO ROZAS e D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse as actas da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 15 e 23 de maio de 2019.

ÁREA DE GOBERNO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para apertura de ocios en fachada de entresollado do edificio sito na ronda das Fontiñas, número 205; para reforma de vivenda planta segunda para dividila en dúas vivendas no edificio con licenza 116/86, quedando o edificio composto por planta baixa para uso comercial e catro plantas altas para cinco vivendas, na rúa Nicomedes Pastor Díaz, número 21; para construír un edificio composto de planta soto, planta semisoto, planta baixa e unha planta ático para vivenda unifamiliar en ringleira na rúa Cantigas e Frores, número 3, parcela I-4 a-5, do polígono de Augas Férreas; para reorganización da parte rústica das parcelas número 54 do polígono número 163 e a número 22 do polígono número 164 que se sitúan en Castro Alfonsín, parroquia de Saa; para obras de execución de consolidación estrutural do cubo VII e lenzo interior da súa contorna inmediata na Muralla Romana de Lugo; para reforma interior e instalación de ascensor en farmacia existente, reformada con comunicación 3736/18, sita na avda. da Coruña, números 369-373 e para ampliación dun almacén agrícola existente mediante a construción dun anexo apegado a el nunha explotación agrícola sita na Chanca.

Acórdase aprobar a solicitude de excepcionalidade do cumprimento das condicións do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade en Galicia, para a actuación de instalación de ascensor no edificio sito na rúa Serra dos Ancares, número 77.

Tamén se acorda aprobar a solicitude de excepcionalidade do cumprimento das condicións do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 19extractoxg25

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-6-2019

de habitabilidade en Galicia, para a actuación de modificación de proxecto en curso de execución con licenza 388/16, para construción de edificio de planta baixa, catro plantas altas e aproveitamento baixo cuberta para catro vivendas e un local sen uso definido, sobre soto con licenza 465/11, sito na ronda da Muralla, número 77.

Do mesmo, xeito acordase aprobar a solicitude de excepcionalidade do cumprimento das condicións do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade en Galicia, para a actuación de instalación de ascensor no edificio sito na rúa Gravador Castro Gil, número 5

Tamén se acorda aprobar a solicitude de excepcionalidade do cumprimento das condicións do decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade en Galicia, para a actuación de rehabilitación e ampliación de vivenda existente sita en Adai.

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación inicial do proxecto de normalización de predios na rúa dos Canteiros.

3. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento dunha funcionaria de carreira do Concello de Lugo para desempeñar a praza de Técnica Media de Xestión da Área Económica.

Acórdase aprobar a proposta do servizo de persoal de autorización para a realización de servizos extraordinarios polo persoal do Servizo de Intervención no mes de xuño de 2019 e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA

4. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase a aceptación da renuncia ao posto de Director Xeral de Recursos Humanos.

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase as prórrogas dos contratos dos lotes 1, 2, 3 e 4, para o ano 2019.17 nos contratos administrativos correspondentes ao alugueiro de *stands* para a instalación de postos de venda no san froilán 2018: postos avenida Rodríguez Mourelo (lote 1), postos praza Maior (lote 2), postos avenida Dr. García Portela (lote 3) e postos na rúa Puro Cora (lote 4). Expte. ref.: 30-2016.

Tamén se acorda a actualización das taxas de ocupación de dominio público con motivo da autorización de instalación de postos de venda na "III Feira de artesanía e gastronomía do San Froilán para os anos 2016 a 2019. (Expte. ref. 28-2016)" para este ano 2019.

Tamén se acorda a desestimación do recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local numero 9/174 de imposición de penalidade por incumprimentos das obrigas contractuais esenciais durante a execución do contrato de prestación integral das actividades de animación sociocultural nos centros de convivencia municipais e outros (expte. ref. 17-2016).

Acórdase a prórroga do contrato administrativo para a explotación da cafetería sita no complexo deportivo da piscina municipal cuberta no Parque da Milagrosa, expediente 6-2017, para o período comprendido entre o 12 de xuño de 2019 e o 11 de xuño de 2020.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Contratación mediante lotes dun servizo de cociña, comedor e lavandería para as escolas infantís municipais “Serra de Outes” (lote 1) e “Gregorio Sanz” (lote 2) do Concello de Lugo (exp. ref 10-2016). Prórroga do contrato por un período máximo de seis meses.

- Contrato administrativo correspondente ó servizo de reparación, conservación e mantemento integral da maquinaria auxiliar de xardinería existente no servizo municipal de parques e xardíns do Concello de Lugo exp. 26-2017. Prórroga do contrato dende o 21/6/2019 ata o 20/6/2020.-

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado en funcións da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes e Concelleiro Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, Miguel Fernández Méndez.

